

martes, 20 de febreiro de 2018

BUSCANDO PALABRAS

Doce verbas para Isidro



(O escritor lucense Isidro Novo, recentemente falecido. Foto tomada de Internet)

Cofecimos a Isidro Novo hai pouco, nunha xuntanza sumamente entretida e grata en Lugo. Como non podía ser menos, era un lucense apaixonado pola terra. Un bo moderador na mesa co público diante. Un amante e xardineiro fiel das palabras. A parca cortoulle cedo o fío da vida. Séxalle a terra leve! Dirixía un proxecto fermoso de recolleita universal (entendendo aquí por *universo* o territorio galego) de voces non inventariadas nos dicionarios (como modelo e espello no que contrastar tomaba o DdD, *Diccionario de Dicionarios* que dirixe o profesor Antón Santamarina). Homenaxeamos o escritor lucense con doce verbas inéditas. Todos aqueles interesados en saber máis dese proxecto do noso homenaxeado, podeades ler o seu artigo “Orfanato para ágrafas: Palabras ao ventimperio” (publicado nas Actas da X Xornada de Literatura de Tradición Oral, editadas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, en decembro de 2017. Tamén podeades entrar na páxina web da Asociación e buscar a sección correspondente, *Palabras con memoria*.



Doce verbas para Isidro Novo:
Nº 1. Acarrouxar

Acarrouxar 'Arrolar a un cativo' (o noso informante era do Incio ou do Páramo, Lugo).

Nº 2. Ambradas

A frase *Ás ambradas* documentámola en Lubre, Bergondo, A Coruña (e debémoslla á nosa amiga Uxía López Meirama). Significa 'en abundancia' e aplícase, por exemplo, aos froitos da terra que son recollidos *ás ambradas*. Inicialmente pensamos que talvez houbera relación etimolóxica coa forma galega *ámboa* ou *amboa* (variante en DdD, *ámoa*). O erre remitiría á base grega *ánfora*. A unidade fraseolóxica integrárase no mesmo paradigma ideolóxico ao que pertencen outras frases semellantes, do tipo de *ás caldeiradas*. Logo vimos que o señor Elixio Rivas (en *Pan, sega e malla. Medidas*, 1999, p. 387) cita *ambozada* (asturiano, Vigón) co valor de 'puñado', e di que se corresponde co español *ambuesta* 'porción que cabe no oco de ámbalas dúas mans xuntas', e cita tamén a Corominas que o trae do céltigo **ambosta*, de **ambi* 'ambos' e **bosta* 'oco das mans' (irlandés *boss, bass*; bretón *boz*). Está espallado pola metade norte de España e Pirineos franceses, ademais de no territorio de linguas celtas.

Nº 3. Amorón

Os *amoróns* son os amorodos silvestres (informante de Cruceiro de Roo, Coruña). No DdD hai toda unha serie de variantes: *amorillón, amorodo, amorodio, amorolo, amorote, morodo, morote*, e inda falta a variante *amores* que se documenta na coruñesa dona Emilia Pardo Bazán. A voz castelá *mora* tamén se pode aplicar ao froito silvestre chamado en castelán *frambuesa*. O étimo é latino (latín vulgar MORA).

Nº 4. Baduar

Baduar a barca: cando repunta a marea (dise que está no repunte cando terminou de subir e non empezou a devalar) a barca (ancorada) anda sen tino, badúa (o informante –o que fora profesor de filosofía do noso Instituto longos anos, José Luis Suárez– asegúranos que se usa esta expresión tanto en Cabanas de Pontedeume, como en Ponteceso). En galego común é moito máis usada a voz *baduar* 'falar sen tino, divagar ou desvariar'. A presenza dese *u* (tamén presente na voz galega, portuguesa e castelá *badulaque*) remítenos ao latín BATTUERE, étimo distante doutras voces como o *badalo* da campá (é de supoñer que de aí, por un proceso metafórico, veña a imaxe do que badúa falando, porque se asemella a lingua que vai e vén ao badalo). Seguindo esa imaxe do vaivén, chegamos á barca oscilante...


Nº 5. Burrusco

"*Fai burrusco*" di ás veces a nosa nai (valdeorresa) para dicir que vai frío. Un frío cortante e penetrante. Témoslle oído tamén a variante *borrusco*. A falantes de Peisaco, aquí en terras bergantiñas coruñesas, oímoslles *borrugho* (con gheada) co mesmo valor. A familia debe ser a mesma de *borra, borralla e borrasca* (con permiso de Corominas: el mesmo na entrada BORRASCA cita o asturiano *borrina'néboa*' e nós temos *borralleira* –DdD– para designar unha néboa mesta: a imaxe borrallenta, da cor e case da textura da cinza, do tempo borrascoso permítenos pensalo así).

Nº 6. Esperrearse

"*Non te esperrees tanto*" ou "*non fai falta que te esperrees*" son usos do verbo na fala da nosa nai cando eramos nenas e nos alporizabamos e faciamos aspaventos con brazos e mans. Así, o significado de *esperrearse* vén sendo 'mostrar alporizamento por medio dos xestos e do ton elevado de voz'. Sen dúbida ningunha para nós a palabra pertence á familia léxica de *perrencha, berro, berrar, espirrar* ou *esbirrar* e ten orixe expresiva. Se non nos falla a memoria é en Fole onde se documenta outro uso curioso do verbo *esperrear*: uns cazadores descansan nunha aldea remota da montaña lucense e a velliña da casa que os acolle ofrécelle sopas de allo. *Como queren os allos, normais ou esperreados?* E eles, por probar algo novo, contestan que esperreados. Entón a vella colle as salugas (aquí vale por 'dentes de allo'), méteas na boca, tritúraas cos dentes, e

logo bótaas, cúspeas, enriba da sopa. Así eran os allos *esperreados*, triturados e expulsados como expulsamos o aire ao *espirrar*.



Nº 7. *Gasano*

Na fala do noso sogro (nacido e criado en Bendoiro, Lalín) un *gasano* era un trueiro. Voz enigmática, parece un xermanismo. Ocorrésenos emparentala coa *vozasado* 'rodo, pala para retirar brasas ou cinza do forno' (DdD). Que teñen en común? Quizais esa mesma idea de "arrastrar ou raspar, apañar", co *gasano* apañábanse peixes. Vemos no dicionario portugués *Dicionário de Expressões Populares Portuguesas*, de Guilherme Augusto Simões, que se documenta a *vozasmar* co mesmo valor de 'abichar, apañar'. Quen non nos di que hai algunha conexión coa familia de *(a)gasallar*? Unha das acepcións fundamentais dese verbo en galego é 'abastecer, fornecer' nada distante semanticamente de 'a(rre)pañar'. Sería estupendo poder coñecer o significado da voz con que Laureano Prieto nos agasalla: *agasanar, agasanado* (DdD).

Nº 8. *Mallado*

Ser mallado a 'ser cuspidado' (oímoslla nun monólogo ao arousán Carlos Blanco unha vez que actuara no teatro Colón aquí na Coruña, fómoslle preguntar e díxonos que era de toda a vida, moi común para el). Di Vicente Risco: *Non embargante, atopamos na tradición popular a idea de certos «axentes» ou «forzas», que poideran ser referidos, sin moito estirar as cousas, ó tan mallado e remallado mana dos etnólogos* (texto atirado do TILG). Aí *mallado* equivale ao castelán *trillado*, moi repetido, sempre igual a si mesmo, e de aí atiramos a idea de igualdade. O mesmo proceso lóxico dáse á hora de explicar a xénese da unidade fraseolóxica castelá *ser calcado a* (se ben aquí entra tamén en xogo o uso do papel de *calco* que se poñía nas máquinas de escribir para facer copias; con todo, *calcar* tamén significa 'apertar, trillar ou pisar co pé').

Nº 9. *Pismado*

"*A comida está pismada*", dise así en terras lucenses cando ten moito sal. Parece haber aquí un cruzamento entre a familia de palabras que comparten a raíz *pis-* e a palabra *bisma* (ou todo é unha mesma familia, calquera sabe...). A raíz *pis-*, raíz comparténa co latín tanto o galego como o castelán, aparece en vbos. como galego e portugués *pisar*, castelán *pistar* 'esmagar' (cfr. o refrán portugués *o machado grande se non corta pisa*) e moi en estreita relación con ese valor, probablemente tamén se sume o sema [+SECO] (pénsese en accións de esmagar certos alimentos como peixes e uvas, ao perder o líquido restan secos), de aí que sexa posible relacionar eses verbos con voces máis infrecuentes como *pistraca* (figura no DdD, con valores semánticos do tipo 'persoa seca de carnes'). Tamén a comida con exceso de sal produce sensación de sequidade e ao remoela na boca pode ser comparada a algo esmagado, unha pasta, un emplasto, é dicir, iso que en galego tradicionalmente se chama *bisma*, voz que alterna coa

variante (preferida no dicionario académico) *bilma* (castelán *bizma*, do lat. EPITHEMA, segundo o DRAE, aínda que un tendería a pensar en novo cruzamento con pis-. En portugués coa voz *bisma* désígnase un emplasto moi específico, o que se fai co unto da cobra (*Dicionário de Expressões Populares Portuguesas*, de Guilherme Augusto Simões).

Nº 10. *Pistrino*

Os *pistrinos* son doces do entroido: coa masa das orellas e bañado con almibre de azucre e anís, dánselle forma redonda, e bótase a fritir (informante de Mera, concello de Ortigueira). A familia léxica á que pertence volve ser a dos derivados do latín PISTUS ‘mallado, batido’ (como a voz *pestiño* que se usa en moitas partes de España para designar outro doce).

Nº 11. *Relouza*

A *relouza* ou *rilouza* é como lle chaman aos brotes novos que nacen con forza ao pé da planta (informante de Camporrapado, parroquia de Cortegada, Silleda). A voz pertence á familia de *louzán*, *louzá*. Comparten o sema de [+VIGOR]. O étimo parece estar na palabra latina LAUTIA, pero o que predomina é o valor derivado (*alouza* fina sobre a que se serven as viandas) quizais, só a título de hipótese, haxa que ir a documentación moi antigas para localizar un posible valor primario: lemos nun libro publicado no XIX, a propósito desa voz, *lautia*, o seguinte: “C’étaient surtout des provisions de bouches et non de présents, car *lautia* est presque toujours suivi de *munera*”, en : *Oeuvres de Tite-Live*, de M. Nisard, Paris, 1839, p. 782; para chegar a esa conclusión o autor examina as concorrencias de *lautia* non só en Tito Livio, senón tamén no *Corpus Inscriptionum* de Gruter; se esas viandas se servían a hóspedes de distinción irían servidas en pratos de fino barro e por metonimia a palabra pasa a significar iso mesmo (a *louza* fina, pero se inicialmente se aplicaba ás cousas de comer, aí está a idea orixinaria, a materia “fresca” e viva...).

Nº 12. *Tirapuxar*

“O *cura tirapuxaba...*” ‘insistía, porfiaba’ (“quería levarlle o *san Brais* [a imaxe], *estaba empeñado, pero o dono non quería*) (Informante de Soutolongo, parroquia do concello de Lalín, e casada nos Chaos, parroquia de Cortegada, Silleda). O verbo formouse sobre a base do substantivo *tirapuxa*. En galego común, porén, o normal é usar a locución *andar á tirapuxa*.

